

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TRIBUNAL VENTO-MADEIRA II

PARTE A

Criterio de avaliación 1:

Interpretar o programa presentado amosando o necesario control técnico do instrumento (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicadores de logro:

- Dificultade do repertorio presentado.
- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e planos sonoros.
- Dominio do instrumento: control postural, limpeza e calidade do son, afinación e proxección do son, control do timbre, da respiración e da emisión, e dominio das técnicas propias da música de vangarda (de ser o caso).

Criterio de avaliación 2:

Amosar na interpretación do programa presentado unha coherencia interpretativa concordante coa forma e a estética de cada obra (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicadores de logro:

- Fidelidade ao estilo segundo a tradición interpretativa: control da ornamentación, do rubato, das agónicas e dinámicas, do fraseo e da articulación. Uso e adecuación do vibrato.
- Fidelidade aos aspectos interpretativos inherentes á forma e ao estilo musical de cada peza.

Criterio de avaliación 3:

Demostrar capacidade comunicativa e control escénico na interpretación do programa presentado (aplicarase a cada unha das obras interpretadas na proba).

Indicadores de logro:

- Adecuación do xesto á interpretación musical, posta en escea axeitada ao contexto artístico e estético da obra, coñecemento das convencións e tradicións da interpretación en público.

- Concentración ao longo da proba, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso). Achega persoal ao enriquecemento da interpretación.

PARTE B

Criterio de avaliación:

Analizar a obra ou fragmento musical proposto.

Indicador de logro:

- Recoñecemento das características do xénero e do estilo, identificación da estrutura formal, análise dos diferentes parámetros (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas) presentes no texto musical proposto polo tribunal.

PARTE C

Criterio de avaliación:

Interpretar o fragmento proposto polo tribunal amosando fidelidade ao texto musical e control na práctica da lectura á primeira vista.

Indicador de logro:

- Fidelidade ao texto musical: exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto. Adecuación da respiración ao fraseo musical.